

RÚBRICA AVALIACIÓN /VALORA O TEU MEDIO

Alumna/o:						
	1 punto	0,75 puntos	0,5 puntos	0,25 puntos	0 puntos	NOTA
Planificación e revisión	Planifícase o traballo, organízanse os contidos. Revisase antes de entregar e corríxense erros.	Hai un ou dous erros non significativos na organización de contidos.	Hai tres ou catro erros non graves na organización de contidos.	Hai erros graves ou máis de catro non graves na planificación e organización dos contidos.	Non se realiza a tarefa.	
Presentación	Presentación orixinal, atractiva e pulcra. Respéctanse as marxes. Tense en conta o formato final.	Presentación correcta e con pulcritude. Algún erro non importante respecto do formato final.	Presentación pulcra. Non se ten en conta o formato final.	Hai pouca pulcritude. Non se le con facilidade.	Non se realiza a tarefa.	
Riqueza expresiva	Úsase o léxico específico (medio ambiente) visto na clase. O texto é concreto, rico e variado, sen repeticións.	Incorpórase a maioría do léxico visto na clase. En xeral, o texto ten léxico variado e sen repeticións.	Léxico correcto. Hai algunha repetición e pouca variedade nas estruturas. Case non se usa léxico específico.	Non se usa o léxico visto na clase. Vocabulario non preciso, expresións repetitivas, circunloquios.	Texto non comprensíbel/ Non se realiza a tarefa.	
Adecuación	Desenvólvense todos os puntos da tarefa de xeito correcto. Respéctase o tipo de texto e o seu formato. Úsase un rexistro axeitado á tarefa.	Desenvólvense case todos os puntos da tarefa respectando o tipo de texto. O rexistro é axeitado. Pode haber unha pequena inadecuación.	Desenvólvense a maioría dos puntos da tarefa sen erros significativos. Respéctase o rexistro, pero hai algunhas inadecuacións.	Non se desenvolven correctamente a maioría dos puntos da tarefa. O rexistro usado é inadecuado.	Non se realiza a tarefa.	
Coherencia e cohesión	A información está ben organizada (frases, párrafos) e lese con fluidez. Úsanse correctamente os conectores e marcadores textuais.	Hai un ou dous erros na organización da información ou no uso de conectores que non impiden a súa comprensión.	Hai tres ou catro erros na organización da información. Hai tamén erros ou carencias no uso dos conectores. Algunha dificultade de comprensión.	Desorganización dos contidos. Dificultades na lectura.	Texto non comprensíbel/ Non se realiza a tarefa.	
Contido	Axústase ao tema proposto, ofrécense ideas traballadas en profundidade e cun enfoque propio.	Axústase ao tema proposto e as ideas están traballadas, pero carece de enfoque propio.	Contido correcto, pero tratado con pouca profundidade. Sen enfoque propio.	Ideas superficiais, sen desenvolver. Copia de información, sen tratamento propio.	Non se realiza a tarefa.	
Ortografía e puntuación	Non hai erros ortográficos nin de puntuación.	Hai até tres faltas non graves.	Menos de 6 faltas, a maioría non son graves.	Máis de 5 faltas graves.	Non se realiza a tarefa.	
TOTAL NOTA						

CÓDIGO CORRECCIÓN					
SOBRESALIENTE	NOTABLE	BEN	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	Esta rúbrica pódese complementar coa do traballo en grupo, avaliada sobre 3 puntos.
6,25 - 7	5,25 - 6	4 – 5	3,5 – 3,75	3,25 ou menos	